

Conciencia lingüística e norma ortográfica no primeiro tercio do século XX

M^a Camino Noia
Universidade de Vigo

Os trinta e seis primeiros anos do século XX constituíron unha das épocas máis importantes do galeguismo tanto no labor cultural como no político. Polo que respecta á lingua galega, os galeguistas propuxéronse como tarefa prioritaria a súa reivindicación e normalización continuando co traballo realizado na época do Rexurdimento na que os escritores empezan a facer poesía nunha lingua absolutamente desprestixiada e sen unha escrita na que basearse.

Co nacemento do nacionalismo en 1916 as reivindicacións galeguistas teñen como obxectivo acadar unha nova estrutura de goberno para Galicia por ser un país cunha realidade diferenciada, na que a lingua é un dos elementos máis importantes da súa personalidade, e, polo tanto, parte da súa estrutura social. Os nacionalistas no século XX deixan de traballar individualmente e reúnense en colectivos cunha mellor organización política que os galeguistas do século pasado. Para eles a tarefa da reconstrucción da identidade de Galicia tiña que ser colectiva, e traballar agrupados cadanos diferentes eidos da cultura e da sociedade:

E agora chegou o momento de que o Seminario de Estudos Galegos, a Academia Galega e inda tamén a Universidade de Santiago axuden, con esforzo heróico, a esta obra transcendental da nosa reconstitución idiomática¹.

Ademais, a diferenza dos galeguistas do dezanove, os homes do vinte teñen un coñecemento máis documentado da literatura medieval gracias ó espallamento dos cancioneros trobadorescos nos primeiros anos do século XX, o que lle permite contar cunha base lingüística importante para os traballos de codificación do galego.

¹ Antón Villar Ponte, "A gramática de Lugo Freire", *Pensamento e sementeira*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1971, p. 38.

A través das publicacións periódicas que eles mesmos fundaran, os homes do Rexurdimento trataron de dotar de prestixio ó galego como idioma culto e de estende-lo seu uso ós ámbitos sociais dos que estaba afastado. O seu labor dirixiuse especialmente a dar argumentos en artigos e conferencias que avaliasen positivamente o galego ante os propios usuarios, animándoos a que se orgullecesen de utilizalo, e ante os castelanfalantes, para que o respectasen por ser unha lingua culta.

Os argumentos máis relevantes que utilizaron os galeguistas na época do Rexurdimento para prestixia-lo galego foron² a nobreza de orixe, o uso literario do galego na época medieval e o parentesco que esta lingua ten co portugués. Insistían en que o galego procedía directamente do latín e non dependía do castelán, rebatendo o concepto de dialecto que se lle outorgaba ó galego, e presentándoo como a primeira lingua falada na Península. Seguindo falsas interpretacións sobre o nacemento das diversas variedades lingüísticas que xorden no momento da Reconquista chegaron a afirmar que o galego era pai do castelán. Nos primeiros anos do Rexurdimento soamente se coñecía a poesía galega que se recolle no *Cancioneiro de Baena* e as *Cantigas de Santa María*, mais a partir de 1876 foise tendo noticia dos grandes cancioneros de poesía trobadoresca e os galeguistas do dezanove aproveitaron tódolos datos coñecidos para darlle á lingua unha base histórica como instrumento de cultura³. O parentesco entre o galego e o portugués utilizábano cun dobre obxectivo: por unha parte, para atribuírle ó galego aptitudes como lingua dunha nación e, por outra, para amplia-lo número de falantes.

No XIX tamén houbo preocupación pola codificación do galego, os escritores botaron en falta unha norma para a escrita que unificase as variedades dialectais, escribían poesía en galego mais non se atrevían a facer nesa lingua textos de maior complexidade sintáctica, ensaios nin novelas. Os estudos gramaticais e o discurso oratorio e xornalístico tiñan o castelán como lingua vehicular, con escasas excepcións dalgúns artigos de xornal. O primeiro mitín galego está rexistrado en Betanzos en 1906 pronunciado por Manuel Lugrís Freire (1863-1940). Respecto á ortografía houbo varios intentos por parte de Curros Enríquez, de Murguía e doutros intelectuais de fins do XIX de chegar a un acordo ortográfico para elaborar unha variedade culta e crear unha academia da lingua que se ocupase de resolver os problemas de codificación do galego, mais ata o ano 1906 non se deu fundado a Real Academia Gallega. Murguía, o seu primeiro presidente, no discurso de inauguración recoñece a necesidade de facer unha gramática da lingua e un dicionario, afirmando que a Academia fora fundada especialmente “para recoger en Galicia su verdadero léxico, dar a conocer su gramática y afirmar su existencia”. En 1913 a Academia empezou a elaborar un dicionario galego-castelán

² Seguímo-lo estudio de Carme Hermida, *Os precursores da normalización*, Xerais, Vigo, 1992, pp. 93-125.

³ O traballo de investigación realizado por Teresa López Fernández en 1989, *A difusión dos cancioneros galego-portugueses na Galicia do século XIX*, demostra como xa desde a segunda metade do século XIX os eruditos galegos coñecían a existencia dos cancioneros medievais; publicado na editorial Laiovento, en Santiago, 1991, co título: *Névoas de antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses na Galiza no século XIX*.

en fascículos que recollía palabras arcaicas, literarias e populares, incluso as comúns co castelán, aínda que sen pretensións normativas.

Co Rexurdimento dotouse ó galego dun corpus poético importante, que lle aportará unha forte dose de prestixio, e ó mesmo tempo creouse un estado de opinión favorable á súa revitalización, pero os esforzos por normaliza-lo galego como lingua apta para tódolos ámbitos, que se levaron a cabo no XIX, non supuxeron ningún cambio real na sociedade galega.

No primeiro tercio do século XX o galego segue a ser un idioma sen consideración social e reducido ós ámbitos rurais. Os galeguistas teñen que continuar utilizando os argumentos do século anterior e defende-la orixinalidade do galego fronte ó castelán. Na sociedade española xorden voces contrarias ó desenvolvemento das linguas periféricas e desde distintos frontes promóvense campañas contra os movementos a prol desas linguas. Algúns intelectuais españois pronunciaranse a favor da desaparición das linguas minoritarias e demandarán a implantación dun único idioma español. Unamuno, un dos intelectuais máis polémicos, dicía en 1914: “No soy de los que creen que el catalán ni el portugués mismo tengan que persistir como lenguas vivas de conversación y de uso doméstico en la Península. No oculto que mi deseo -y el deseo lleva aparejada la esperanza- en que llegue un día en que no se hable en la Península Ibérica otra lengua que la española o castellana”⁴. Noutro artigo posterior volve a ataca-lo galego ó falar das linguas periféricas⁵: “Porque en Galicia tampoco hay, digan lo que quieran cuatro exaltados, cuestión del gallego. El gallego mismo que cultivan, sobre todo en el género festivo, algunos escritores gallegos no pasa de ser algo artificial. /.../ En Galicia no volverá a ser el gallego la lengua corriente de las clases medias e instruidas de las ciudades”.

A Administración Española saca decretos e normas conducentes a atranca-lo desenvolvemento das linguas periféricas tratando de minorizalas e deixalas reducidas a falas sen prestixio. A idea dun único idioma español para todo o territorio tiña moita forza entre a intelectualidade. De 1902 é un Real Decreto que prohibe “el uso de las lenguas minoritarias en la escuela”. Esta prohibición nun país como o galego no que o 90% da poboación falaba a lingua propia, e no que unha alta porcentaxe era analfabeta e descoñecía a lingua castelá, debeu significar moi pouco no que se refire á castelanización dos escolares, pero en cambio tivo unha enorme importancia como factor de desprestixio da lingua do país. Unha lingua que non se aprende por vía escolar queda reducida a un *sermo vulgaris*, propia da xente inculta. E así foi como o entenderon os galegos, tanto os propios galegofalantes que se avergonzaban de fala-la súa lingua fóra do territorio rural, como os castelanfalantes, que rexeitaban o galego ó consideralo vulgar e sen posibilidades para ser usado nos ámbitos da cultura.

⁴ Citado por E.T. Lawrence, “El vasquismo de Unamuno y las lenguas peninsulares”, *Cuadernos para el diálogo*, extra XXVI, xullo 1971.

⁵ “Vascuence, gallego y catalán”, *La publicidad*, Barcelona, 24 de xaneiro de 1917. Recollido no libro *La raza y la lengua*, Ed. Escelicer, Madrid, 1968, pax.549.

Coa creación das Irmandades da Fala en 1916 iníciase unha etapa de grande importancia para a reivindicación do galego. Desde a súa fundación os membros deste colectivo decláranse nacionalistas: “xa que a verba ‘rexionalismo’ non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas”, dise na primeira asemblea das Irmandades reunida en Lugo en 1918. E nesa mesma asemblea, como un dos “Problemas constituintes”, declaran a “cooficialidade dos idiomas galego e castelán”. Os homes das Irmandades tiñan como obxectivo traballar polo espallamento do uso do galego en tódolos ámbitos. E recorren ó pasado glorioso do galego para defende-las súas reivindicacións lingüísticas perante os ataques dos intelectuais españois, ós que lles parecía unha actividade antiprogresista normalizar unha lingua sen cultura. No órgano de expresión das Irmandades, *A Nosa Terra*, reponden ás acusacións contra a reivindicación do galego. En varios números da revista deféndese o dereito a usa-lo galego fóra dos ámbitos rurais e respóndese ós ataques que reciben os galeguistas por defendelo. No número do 10 de marzo de 1918 aparece un duro artigo contra o director de *Vida Gallega*, que se manifesta en contra da utilización do galego escrito. Números posteriores da *Nosa Terra* recollen novos artigos con opinións favorables á escrita en galego saíndo ó paso dos argumentos achegados polos opositores ó uso culto do galego⁶:

Xaime Solá, viaxante de literatura e literato de Administración que pol-a pinta aseméllase unha miasa a D’Annunzio -según contan que el di- bota sapos e cobras contra os galeguistas.

O Sr. Solá n-un kilómetro de prosa que publica na súa cómica revista *Vida Gallega*, dina de desaparecer do estadio da prensa pol-o moito que pon no ridículo a Galicia, fala de qu’os galeguistas estamos vendidos ó ouro catalán, fala de prumas alquiladas e d’outra chea de parvadas./.../

Vostede nin ama a Galicia, nin sinte a Galicia./.../

Pol-o derradeiro . Nós, nada temos que vere c’o *Noroeste*. Nós somos nazonalistas rexos. *A Nosa Terra* non transixe no emprego do castelán nas súas follas. *O Noroeste* si.

En marzo de 1928 un artigo da *Nosa Terra* comenta unha entrevista de Valle Inclán no *Diario de Lisboa*, no que se mostra despreciativo cara ó galego e case chega a nega-la súa existencia: “O galego nunca foi un idioma falado. Así como o armenio foi unha invención de algúns frades, o galego foi a criación d’un grupo de poetas”. E noutro artigo sen sinatura aparece a resposta a Valle achegando datos ben asentados sobre o uso do galego falado e da importancia literaria da lingua na época medieval.

No número 79 da devandita publicación hai un novo artigo titulado “A lingua e os caiques” no que se ataca ó *Diario de Orense* por propoñe-la imposición do idioma español e desprecia-lo galego⁷:

⁶ En 1930 no número 467 da revista *Vida Gallega* R.E. Cambra afirmaba “Textos en gallego para la enseñanza no los hay y es de desear que no los haya nunca”. Na mesma revista *Vida Gallega*, nº 469 o frade e escritor Rey Soto escribiu: Se necesita estar loco en los tiempos que corren y no haber visto el mundo más que por un agujero, para querer que Galicia encierre su inmenso mundo espiritual dentro de las barbas mal tratadas de un idioma que ha dejado, queramos o no, de ser vernáculo”.

⁷ *A Nosa Terra*, 5 de febreiro de 1919. Por esta mesma época, Antón Villar Ponte enviou unha carta a Unamuno respondendo ós ataques que este erudito español dirixiu contra o galego, que se recolle no libro *Pensamento e sementeira*, “Respetuosa respuesta a Don Miguel de Unamuno, el Galleguismo de las Irmandades”, pp. 305-309.

No *Diario de Orense*, xornal orgo do bugallalismo, un siñore cuio nome esquencéusenos, publicou un artigo sobre rexionalismo galego, que remata dicindo: “non queremos máis lingua que a de Castela...” Dende logo este artigolista ou é un inconsciente ou un mal galego xunguido ás comenencias dos caciques que zugan do centralismo.
 Quen non queira a lingua galega, non pode sentir amore pol-a sua Terra. Porque a lingua é o selo espiroito da nosa raza.

Nesta época segue tendo vixencia a idea espallada desde círculos antigaleguistas de que o galego é un dialecto do castelán, e non ten consideración de lingua. En varios artigos da *Nosa Terra* criticase esta tendenciosa opinión utilizando diversos argumentos. O comezo dun longo artigo de Xaime Quintanilla (1898-1936) dedicado a refuta-los argumentos sobre o galego como dialecto e un comentario de Victor Casas (1900-1936), aparecidos nesta revista, dan conta da actualidade que tiña o tema na sociedade galega:

Xa sabedes qu'hai moitas xentes que pensan qu'o noso idioma é un dialeuto. Y eu estouvos moi d'acordo con Porteiro Garea, quen dice non debemos transixire con isto, inda que non seia mais que por costión de xerarquía⁸.
 Non hai un castelán que cando ouve falar de idioma galego non faga un xesto despeitivo. *¡Idioma! ¿Quería usted decir dialecto?*
 O seu orgulo imperialista impídelles dar categoría de idioma a ningunha fala peninsular que non sexa a d'eles. Iñoran o verdadeiro senso da denominazón e falan de *dialecto* co propósito iñorante de desprezo e rebaixamento.
 E teñen a ousadía de facel-o na nosa propia casa⁹.

Desde a revista diríxense tamén duras críticas á inoperancia da Real Academia, que segue a utiliza-lo castelán nos seus discursos e nas súas publicacións.

As Irmandades da Fala ven na lingua o elemento fundamental para a recuperación da identidade nacional de Galicia, pola que loitan, propoñendo como obxectivos prioritarios a conseguir: *a defensa da autonomía do país galego e a reivindicación da lingua*. Desde o primeiro número da *Nosa Terra* está presente a necesidade de “redención” do galego. Porteiro Garea (1889-1918) confesa a súa vergonza por escribir en galego por primeira vez sen aprendizaxe previo, e declara as intencións das Irmandades de recupera-lo idioma:

¿N'é verdade qu'ese idioma é unha realidá forte e latexante que nós temos esquencida, pro que vive no noso espírito e que ten qu'esnaquizar a lousa qu'o cobre, sempre que fagamos ensamen de concencia e nos dispoñamos a recontar e cribar os valores que forman o edificio da cultura, e as espranzas da raza?...
 A redimir este idioma do aldraxe que del fan, non os alleos que non sinten nin pensan nel e non teñen porque estimalo, sinon os propios, quizais nousotros mesmos, encamiñase á “Hirmandade dos Amigos da Fala”.

Para os homes das Irmandades o problema fundamental de Galicia residía na carencia de autonomía para administra-los seus recursos económicos e poder desenvolve-la súa personalidade propia. Era preciso, pois, loitar contra a sumisión á política e á cultura españolas

⁸ X. Quintanilla, “Do meu feixe”, “Idioma e dialeuto”, *A Nosa Terra*, 20 de maio de 1917, p. 5.

⁹ V. Casas, “Faiscas”, *A Nosa Terra*, 268, 1 de xaneiro de 1930, p. 8.

En *Sempre en Galiza*, Castelao tamén responde ás críticas dos detractores do galego, pp. 240-243.

e reivindica-los valores autóctonos. Antón Villar Ponte (1881-1936), un dos ideólogos máis preocupados do grupo de nacionalistas pola cuestión política insiste na contradicción que supón para a reivindicación de Galicia a súa dependencia da sociedade española:

Galicia espritoalmente é máis escrava aínda, pois non ten, xa non unha cultura propia en fala allea, que nen siquer unha cultura allea en fala propia/.../E cando un pobo perde o seu espontaneismo autóctono, perdeuno todo /.../ Deformados xa por unha cultura allea, esquencendo os nosos propios problemas, o demais ven por engádego¹⁰.

Para loitar contra a sumisión á influencia española este político cre fundamental gobernar Galicia por un estatuto de autonomía que lle permita administra-los recursos e recoñece-la personalidade do país galego fronte ós demais países españois:

Trabállase para impór unha autonomía político-administrativa na Galiza, a xeito co que permite o tódoo primeiro da Constitución da República Española; mais eu dígovos que esa autonomía non poderá ser todo o fecunda que desexamos si parellamente a ela non xurde unha fonda renascencia da lingua vernácula que encha de alma propia o continente autónomo. A lingua é o supremo don de orixinalidade dos pobos; o feito diferenciador esencial, o vencello imprescindibile de tódolos anceios trascendentes¹¹.

Coa finalidade de acadar estes dous obxectivos os nacionalistas galegos van levar a cabo dúas actividades paralelas, por unha parte, a actividade política fronte á Administración Española para chegar a conseguilo Estatuto de Autonomía; e por outra parte, emprenden un concienzado labor cara á normalización lingüística do país. Neste camiño propóñense como tarefas fundamentais conseguir para o galego o prestixio que necesita como lingua de cultura e levar a cabo a súa codificación gramatical elaborando unha variedade normativa que se converta na lingua estándar para a escrita.

Prestixia-lo galego ante a sociedade

O prestixio e a normalización lingüística son elementos necesarios para facer dunha lingua como a galega, reducida a variedade coloquial no mundo rural, unha lingua de cultura. Compría xa que logo darlle ó galego o prestixio de que carecía e poder aportar probas contundentes ante os críticos que lle negaban condicións para ser utilizada como lingua culta na sociedade galega. Recollendo as ideas que xa se espallaran en xornais e noutras publicacións durante a segunda metade do século XIX, os galeguistas das Irmandades da Fala e, logo, os da Xeración Nós utilizarán dous argumentos sólidos baseados na orixe da lingua e ó seu pasado literario: *o galego como alma dun pobo pertencente á raza céltiga e como lingua literaria dun importante corpus poético na Idade Media*.

Sobre estes dous alicerces, que Viqueira e Villar Ponte propoñen de novo no século XX como base intelectual do galego, os homes de Nós elaborarán nos anos vinte unha teoría nacionalista sustentada na raza diferencial galega e aduviada co mito do atlantismo. Cunha visión

¹⁰ Villar Ponte, A., *Pensamento e sementeira*, Ed. Galicia, Buenos Aires, 1971, p. 70.

¹¹ Villar Ponte, A., *Pensamento e sementeira*, Ed. Galicia, Buenos Aires, 1971, p. 38.

triumfalista e convencidos de defender unha posición elitista de carácter esteticista fronte ó populismo cargado de elementos españolistas, as súas ideas prenderán con entusiasmo nos universitarios do Seminario de Estudos Galegos.

Xoan Vicente Viqueira (1886-1924), un dos intelectuais máis ilustrados da xeración das Irmandades da Fala e con mellor formación filosófica, foi un dos primeiros en elabora-la súa teoría sobre a lingua galega como “a alma da raza” que “nos une cos pobos da raza afín” e forma “a base para unha gran Iberia”. Nos escritos de Viqueira publicados en xornais e revistas defende a autonomía integral para Galicia, e demanda a substitución das deputacións por un parlamento galego, que promova leis sociais, a reforma do ensino e o fomento da riqueza. E xunto a estas propostas de carácter político aparece desenvolvida a idea romántica da lingua como orgullo da raza utilizando apelativos como os de “lingua real”, “agarimo das cantigas”, “rico tesouro oculto”, cheos de afectividade e de idealismo que envolven a lingua dun halo de espiritualidade fraternal cos demais pobos da mesma raza:

Fonte de fraternidade universal, únenos cós pobos de raza afín, cós que teñen os mesmos verbos e a mesma historia, cós que se espallaron pol-os mares en linda coroa. Fonte de fraternidade, fará que as ideas e os sentimentos humanos fluian e batan nos nosos espíritos dende a remota e lexendaria India á Africa exuberante e areosa e as selvas e planicies de América. Noso espírito como un deus antigo, terá dúas caras e ollará dous mundos.

Alma nosa es ti, lingua que fuche, creada na nosa historia, modo divino de expresión saído das entrañas do pobo galego. ¡Ou! ven a nós, lirismo arrecedente, agarimo das cántigas ¡Ou! ven a nós lirismo esquisito dos cancioneros. Vós, donas, falade de aquel xeito no que, como ningunhas, fúchedes loubadas ¿Onde en Iberia puxeron os poetas nos vosos beizos máis belos cantos de amores? ¿Onde se cantou máis intimamente a Nai das nais, á Nai María? ¡Donas galegas, falade galego!

Galegos, amade, cultivade, o rico tesouro da nosa lingua. Só falándoa seredes libres, xa que o home sen raza é unha abstracción. *¡Orgulo de raza eu vos pido! Ser libre e se-lo como homes, como raza e como individuo*¹².

Co mito do atlantismo elaborado polos nacionalistas da Xeración Nós insístese de novo na idea de comunidade formada polos pobos da mesma raza. A unión dos países atlánticos era un argumento adecuado para basea-la defensa do pobo galego e da súa lingua nun pasado heroico común con outros pobos orixinarios da mesma raigaña celta, que ó dicir de Vicente Risco (1884-1963) se opoñía ás raíces do pobo castelán procedente dunha mestura de razas. E Otero Pedrayo (1888-1976) consciente de que a lingua galega constitúe o compoñente principal da etnia, fai un chamamento a favor da súa utilización con fin de salva-la esencia de Galicia :

A lingua o primeiro. A lingua forma psicolóxica da Raza, ten que ser a primeira obrigación de todos. Pois co seu uso e cultivo cotián chegarase axiña ao punto de unanimidade mínimo pra que a galeguidade seña a fórmula completa das arelas de todos os galegos. Pénsese que ao caír a lingua cae tamén

¹² Veiga do Campo, Luis, *Mestres do galeguismo, Xohan Vicente Viqueira*, Buenos Aires, 1969, pp.31-32. O suñado é meu.

a vida galega. E sin teimar ningunha frase heroica, atendendo ó mandado da conciencia histórica, *podemos asegurar ser mellor unha Galicia probe falando galego, que unha Galicia rica usando outra lingua*¹³.

Na concepción idealista de Otero, da que participa Risco e os demais membros do grupo Nós, a lingua forma parte da esencia do pobo por iso a sitúan por riba do progreso social. Para estes eruditos galeguistas non hai desenvolvemento sen a “esencia” do ser deste país. E utilizando argumentos semellantes ós de Otero precisa Risco:

A fala foi o único exponente da personalidade da Nosa Terra, a fala é a que nos dá ‘estado de pobo’, o que é dicir, diante da xusticia eterna, estado xurídico potencial /.../ Se hoxe Galicia vive e ten coma pobo -non coma grea de homes multitudinar e sen conciencia, como os fatos de ovellas- un porvir diante e unha misión histórica, é somentes por ter unha fala de seu¹⁴.

Algúns anos máis tarde, despois da guerra civil, Castelao (1886-1950) volverá insistir na importancia da tradición específica de Galicia, tan diferente á do resto de España, como reveladora dun desexo de xustiza e de percura dun mundo mellor:

A nosa tradición révelase no idioma, no espírito, na cultura, na arte, no xeito de vivir e de pensar, no sentido trascendente da vida e da morte, no afán de universalidade e de particularidade, no amor á xustiza e ás boas formas de convivencia, na identificación amorosa coa terra, na esperanza dun mundo mellor, na predisposición á poesía...A tradición é todo aquilo que endexamais nos traicionará¹⁵.

A identificación entre lingua e raza foi unha cuestión moi debatida no mundo intelectual español de fins do XIX e comezos do XX que recollía a concepción dos idealistas alemáns sobre a “lingua como esencia e elemento caracterizador do pobo”. Entre 1884 e 1933 Miguel de Unamuno publica unha serie de artigos sobre o eusquera e a raza nos que retoma e analiza as ideas dos primeiros lingüistas españois e a proposta de W. Humboldt sobre á orixe do eusquera. Os españois situaban a orixe desta lingua entre os pobos xermánicos, mentres que o alemán identificaba as raíces do vasco coas das linguas de substrato íbero. Os nacionalistas galegos tamén se serven dos argumentos étnicos sobre a raza para atribuír á lingua galega unha orixe celta baseándose nos datos dos historiadores sobre os pobos habitantes do territorio de Galicia á chegada dos romanos. Segundo a teoría destes homes, os celtas caracterizan un pobo diferenciado fronte ó conxunto dos da Península, que está enraizado cos pobos anglosaxóns famosos polas súas fazañas heroicas.

Coa mesma finalidade de prestixia-lo galego os homes das Irmandades acoden ó pasado literario medieval da lingua, que, coa descuberta dos cancioneiros trobadorescos desde fins do século dezanove, xa se sabe que constitúen un importante corpus poético:

¹³ Otero Pedrayo, R., *Morte e Resurrección*, Ourense, 1932. Recollido en *Pensamento galego I*, Ed. Sept, Vigo 1977, pp. 130-131. O suliñado do texto é meu.

¹⁴ Risco, V., “O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura”, *Calendario Gallego*, Céltiga, Buenos Aires, 1929. *Grial* 53, Vigo, 1976, p. 354.

¹⁵ Castelao, D., *sempre en Galiza*, Ediciones As Burgas, Buenos Aires, 1961, p.41. A mesma idea está recollida noutras páxinas deste libro: 44, 108-112, 240-246, 286-87, 292-93 e 348-52.

O noso idioma, o idioma que fixo un século de ouro nos tempos de Xelmirez, cando as brétemas mesmas da Edá Meia trocaban o mundo nunha noitebra intensa, é o idioma da liberdade. Galiza falaba en galego cando sintiu as primeiras arelas democráticas en loita co feudalismo e a teocracia, na época dos Reises Católicos. Rompe a falar en galego cando, polo honor da raza, axuda ó esnaquizamento das aguias napoleónicas. ¡Santo idioma, idioma inmortal, que conqueriu unha hexemonía lírica na península, nos tempos en que o falaba o rei Sabio!¹⁶.

Tamén Risco se une á louvanza do glorioso pasado do idioma cando di:

Do tempo das loitas comunais é o mellor da lírica galega: é o tempo dos ‘Canzoeiros’, onde se xuntan a lírica popular e a lírica cortesán. Temos xa a nosa lingua formada, traballada, na vida libre das cidades e vilas comunais onde a nobreza vai perdendo as súas bárbaras aptitudes /.../ daquela Galiza, falando a súa lingoa, comenza a vivir unha cultura superior: a cultura comunal e cabaleiresca, cando aínda Castela vive as ‘Gestas’ semibárbaras do Cid Campeador!¹⁷.

Os valores atribuídos ó galego polo seu pasado, baseados nunha raza con tradición histórica e no seu espléndido labor literario, eran probas fundamentais para poder reivindicar a lingua cunha base cultural suficiente. Sen embargo, tanto os homes das Irmandades como os da Xeración Nós eran conscientes da necesidade de reivindicar-lo galego, non só polos seus méritos do pasado senón por se-la lingua falada pola maioría da poboación, para que esa sexa a lingua vehicular na escola e nos ámbitos de uso dos galegofalantes.

Con todo, entre a concepción lingüística dos nacionalistas das Irmandades e a dos da Xeración Nós hai unha notable diferenza. Os primeiros tiñan unha visión política da reivindicación lingüística. A defensa da lingua formaba parte da loita pola autonomía no goberno e na administración de Galicia. Na concepción sobre a lingua de Antón Villar Ponte os elementos da raza e do pasado literario utilízanse só como probas da autenticidade histórica do galego, o importante era acadar-la normalización da lingua na sociedade galega.

A diferenza deles, os homes de Nós mantiñan unha posición máis idealista sobre a galeguización da sociedade, facendo maior fincapé nos elementos culturais diferenciadores da cultura galega fronte ós constituíntes do mundo español. No seu proxecto sociopolítico de Galicia descríbena como un país rural, porque para eles só no mundo rural se conservaban os elementos autóctonos do pobo, os auténticos valores da raza orixinal, fronte á perda de identidade que padecían as cidades. A proposta principal da súa teoría nacionalista será a defensa da ruralidade do país galego contra a urbanización imposta polos cambios sociais. Analizan a situación lingüística do país facendo unha división en dous grandes ámbitos: “A Galicia das cidades e das vilas, Galicia dos señoritos; e a Galicia do campo e dos labregos”. Na teoría nacionalista de Risco faise unha exaltación da Galicia rural e dos seus habitantes galegofalantes, que contrasta co fondo desprecio pola incipiente burguesía das cidades, formada por comerciantes non galegos e por galegos enriquecidos con actividades mercantís que cambiaran de lingua, e que nesa época eran “os novos amos dos cartos”¹⁸ e os detentadores do poder

¹⁶ Villar Ponte, A., *Pensamento e sementeira*, pp. 217-18.

¹⁷ Risco, “O idioma galego na nosa vida...”, p. 352.

¹⁸ Sobre estas ideas pódese consultar o artigo “O nacionalismo de Otero Pedrayo” de Xusto Beramendi, número extra 8, *A Nosa Terra*, Vigo 1987, pp. 57-63.

político e social, cos ollos postos en Madrid. Esta nova clase social, ridiculizada por Vicente Risco no *Porco de pé* identifícase cun idioma castelán vulgarizado e deteriorado.

A raza celta e o pasado literario son elementos estéticos necesarios na concepción elitista do galeguismo elaborada pola Xeración Nós, como constituíntes diferenciadores da lingua e do pobo galegos. E Risco, o ideólogo do grupo, desde as “Primeiras verbas” con que a modo de limiar se inicia a revista *Nós* o 30 de outubro de 1920 en Ourense define ese ideario cultural:

Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nosa Raza, e mais na eficacia do noso esforzo pra levala ó cumprimento do seu fado glorioso. Oxe chegou á vida na nosa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nosa autividade creadora. *Nós* ven a recoller todos ises esforzos d’integración na Pátreaga galega no seu xa rico polimorfismo.

Os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respecto das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos.

Expresións como as de “o xenio da nosa Raza”, “o sentimento da Terra e da Raza”, que aparecen na cita, ou as de “o Enxebrismo é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental”, que veñen máis adiante no mesmo texto, ilustran a concepción elitista e esteticista baseada na idea dunha etnia escollida, frases coas que afianzaban a declaración de nacionalismo e universalismo que vai presidir a nova publicación, que tiña como obxectivos dar a coñece-lo “verdadeiro ser de Galizia, do Enxebrismo, no que ela ten, debe e quere persistire”, “suprimindo entremediarios entr’o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos”. Coa ideoloxía nacionalista das “esencias céltigas” Risco continúa na mesma concepción elitista que el e algúns intelectuais ourensáns proclamaban poucos anos antes, desde as páxinas da revista *La Centuria* (1917):

Para nosotros la Patria es un ente complejo constituido por agradables recuerdos y bellos ideales, a los cuales dan colorido, cuando son elevados sobre la corriente de los procesos de nuestro espíritu, la emoción y el sentimiento.

.../ La comunidad de idioma es una de las que más influyeron en la formación de la Patria y por este motivo los conquistadores siempre trataron de estirpar las lenguas propias de los pueblos anexionados; y los pueblos vencidos siempre defendieron su idioma como el último resto de la independencia.

.../ Tampoco se debe echar en olvido que la influencia del idioma en la formación de la Patria depende de las obras literarias que en él se hicieron¹⁹.

No seu discurso sobre a arte popular Risco expón as mesmas ideas sobre arte cas que sostíña respecto á lingua. Na súa idea, a arte debe estar enraizada na propia tradición, prescindindo sen embargo dos elementos populares. Propón unha estética intelectual modulada pola tradición e a raza onde “estivesen harmoniosamente fundidos as ordes máis variadas de

¹⁹ Arturo Noguero Buján, “La Patria”, *La Centuria*, 2, VII de 1917, pp. 11-12.

emocións e ideas”, unha estética que nos diferencie dos demais pobos e nos afaste de calquera trazo de vulgaridade:

El siglo pide un arte social. Y bien ¿qué es el arte social? El arte social no es el arte del pueblo. El arte del pueblo verdadero y único arte democrático, es folk-lore, y folklore es tradición, la tradición más arcaica y más sagrada²⁰.

A codificación da lingua

Os homes das Irmandades botaron en falta unha normativa da lingua que lles permitise escribir nunha mesma variedade, que unificase as diferencias dialectais e resolvese os problemas de representación dos fonemas que o galego non compartía co castelán. Precisábase dunha variedade lingüística culta, diferenciada da variedade coloquial utilizada no campo, demasiado interferida polo castelán e por vulgarizacións, que fose apta para tódolos ámbitos, porque “a lingua non pode sel-a mesma pra falar de chouza a chouza, que pra falar de libro a libro. Pra nós pra os que ben ou mal escribimos. Pra cantos lemos non abundan as eispresións cheas de forza e de crara beleza do *sermo vulgaris*”, di Portela Valladares (1867-1952)²¹. E no primeiro número da *Nosa Terra* o profesor da Universidade de Santiago Luis Porteiro Garea (1889-1918) no artigo “Falar y-escribir en galego, como seipamos”, reproducido en páxinas anteriores, culpabilízase de non ter aprendido a escribir na lingua do país e do abandono no que se deixou o galego, aprendido por inmersión sen previo ensino escolar:

Escribo en galego e escribo mal. ¡Que queredes!... Nunca hastra hoxe escribín. Xamais mo ensiñaron nin eu me procupei do deprender. E agora, preguntobos, si podó escribir -mal, todo o mal que vos queirades- no idioma que non deprendín nas escolas, nos epítomes nin nos dizonarios ¿n' é verdade qu' isa lingua debe ter raíces moi fondas no meu peito, na y-alma da miña raza cando non-a enterraron pra sempre os abandonos alleos e os propios?.

Entre as primeiras propostas de actuación cara á normalización do galego estaba a de traballar nunha normativa ortográfica e na codificación da lingua nunha gramática. Pretendían elaborar unha norma que se convertise na variedade culta de uso escrito. Os escritores do primeiro tercio do século XX sentíanse integrados nunha fecunda tradición medieval, que nesta época se estaba dando a coñecer coa publicación dos textos medievais. En 1900 aparece na Coruña unha edición da *Crónica Troiana* e as cantigas trobadorescas vansi publicando en revistas e antoloxías de poesía galega. Por outra parte, os escritores do século XX contaban con modelos próximos que imitar, modelos que eles consideraban demasiado populares na súa concepción do galeguismo. O coñecemento do galego medieval xunto co desexo de depurar a lingua de castelanismos e de vulgarismos, levou ós nacionalistas a utilizar criterios etimolóxicos e non populares para resolve-los grupos consoánticos cultos, e a considera-los vocábulos arcaicos e portugueses unha opción válida para cubri-las áreas do léxico científico e

²⁰ V. Risco, “Preludio a toda estática futura”, VI, *La Centuria*, 3, 1917, p.12.

²¹ Portela Valladares, M. “Encol da língoa galega”, *Nós* 17, 1923, p.5.

técnico que o galego coloquial non daba cuberto. Pretendían contrapoñer unha nova variedade de culta ó popularismo dos escritores decimonónicos.

A publicación do *Compendio de Gramática Galega* no ano 1919, na Biblioteca Galeguista da Coruña foi unha das iniciativas das Irmandades da Fala na súa tarefa de codificación. Trátase dunha cartiña en pequeno formato sen nome de autor, atribuído a R.A., iniciais que non parecen corresponder ó verdadeiro autor da obra, Leandro Carré Alvarellos (1888-1976), autoría que coñecemos a través dun artigo da *Nosa Terra* onde el mesmo afirma se-lo autor:

O 'Compendio de Gramática Galega', de que son autor, e que foi editada pol-a Irmandade, está escrito, como todos os meus traballos, con suxeición á tal ortografía [*refírese á portuguesa*], salvo pequenas diferencias que son propias da nosa lingua²².

A pesar do título, non se trata dunha gramática senón dunhas normas morfolóxicas e gráficas para a escrita. É un folleto de 36 follas en formato reducido na que ademais dunhas escasas nocións sobre aspectos de morfoloxía do galego, se dan “Algunhas regras de escritura”, onde se propón o uso do apóstrofo na elisión de vocais, os guións nas contraccións de preposicións, “o troque de *-s* e *-r* finais dos verbos e outras palabras por *-l* cando van seguidos dos artigos *o, a*”. Sobre a grafía do fonema /*ʃ*/ di: “X.=Pol-o que dixemos ao falar da *g, j*, poñérase *x*: En vocábulos cuia etimoloxía veña da *g* latina, como *xenio, xenro, xesta*. Cando veña do *j*, como *xa, Xan, xurare*. Da *x, ss, sc, ps*; como *luxo, paxaro, peixe, feixe, faixa, caixa, roxo, etc.*” Proponse o uso dos acentos agudo e circunflexo, para indica-la pronuncia aberta das vocais, especialmente nas contraccións. Estas pequenas normas coinciden, en xeral, coas utilizadas pola maioría dos escritores desta época.

Co mesmo obxectivo de contar cun instrumento imprescindible para a normativización, Manuel Lugrís Freire fai unha *Gramática do idioma galego*, publicada tres anos despois do *Compendio*, en 1922, a primeira escrita en galego, da que Antón Villar Ponte di: “Con esta gramática e co vocabulario castelán-galego, que anda a ultimar a Irmandade da Fala da Cruña -vocabulario serio, culto, escrupoloso, feito a conciencia- o noso idioma podería ser cultivado de xeito formal por cantos desexen facelo”. /.../ “A Gramática de Lugrís Freire emprestaralle un bó servizo á grande obra que matinara xa no pasado século Antolín Faraldo”²³. As palabras de Villar Ponte indican que a codificación do galego formaba parte dun ambicioso proxecto de normalización lingüística para Galicia, que as Irmandades da Fala van levar a cabo. E dentro deste proxecto, no ano 1926 foron publicando un “Vocabulario popular galego-castelán” no xornal *El Pueblo Gallego*, que rematou no vocábulo “treva”; e en 1933 sacan o *Vocabulario Castellano-gallego*. O Seminario de Estudos Galegos publica tamén no mesmo ano 1933 *Algunhas normas para a unificación do idioma galego* co mesmo obxectivo de ofrecer materiais para o bo uso da lingua escrita. As normas do Seminario redúcense a un pequeno folleto no

²² “Da ortografía na língoa patria”, opinión de Leandro Carré, *A Nosa Terra* 94, 15 de xullo de 1919.

²³ A. Villar Ponte, *Pensamento e sementeira*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1971; p. 38.

que se propoñen varios cambios ortográficos respecto ás grafías que se estaban a utilizar. Reduce signos ortográficos como o apóstrofo e o acento circunflexo, e maniféstase claramente a favor das grafías tradicionais galegas *ll*, *ñ* e *x*, esta última para transcribi-la palatal fricativa.

Ademais das iniciativas levadas a cabo polas Irmandades da Fala, algúns membros da Academia Galega sacan á luz artigos sobre a lingua, tratados sobre teoría gramatical, léxico ou normas para o idioma galego. Un dos académicos máis preocupados pola codificación da lingua foi Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955), que en 1929 publica en Ourense un longo traballo normativo: *Ortografía Gallega*, escrito en lingua española, que leva o subtítulo “Bases para su unificación”. Nesta ampla normativa, froito da inquedanza que existía na época por acadar unha norma para o galego, Couceiro maniféstase por unha ortografía de base galega e propón a adopción da ortografía española para todo o que fose común entre as dúas linguas.

Características da lingua escrita

Na escrita da etapa que estamos a estudar recóllense unha serie de características ortográficas comúns na maioría dos escritores, que demostra unha vontade de unificación na variedade escrita, a pesar de non contar cunha ampla normativa que respondese a tódolos problemas gráficos que tiña a lingua. Os escritores, como xa se indicou, seguen en xeral, as propostas ortográficas do *Compendio de Gramática Galega* de 1919, mais non todos coinciden na adopción do conxunto de normas que se propoñen. Nos textos desta etapa obsérvanse dúas tendencias ortográficas claras: unha, considerada máis popular, que segue a utiliza-la solución *-ut-* para grafía-los grupos cultos latinos *-CC-e -CT-*, que usa a contracción *ó* entre a preposición e o artigo, e grafía *x* para transcribi-lo fonema palatal /ʃ/; esta opción é a máis frecuente na escrita da *Nosa Terra*, usada polos membros das Irmandades e os colaboradores da revista, a excepción de Johan V. Viqueira. A outra tendencia, máis elitista, pretende distanciarse do castelán mediante o achegamento ó portugués, e diferénciase da primeira tendencia pola utilización de *-it-* para os grupos cultos, o uso da forma plena *ao* e por transcribi-lo fonema /s/ coas grafías etimolóxicas *g* e *j*. Estas características atópanse especialmente nos escritos de Viqueira, dos homes da Xeración Nós e dos membros do Seminario de Estudos Galegos. En cambio, é frecuente na maior parte dos textos dunha e doutra opción o uso do apóstrofo, do guión e do acento circunflexo para marca-la pronuncia aberta das vocais, sobre todo nas que están contraídas: *â, âr, bô*. É tamén común á maioría dos escritores de comezos de século o emprego alternativo de tres resultados para o plural das palabras rematadas en *-l*: engadir *-s* ou *-es* (este resultado é o menos frecuente) á forma singular: *animals, canavals, froles, animales, canavales, froles*; e facer un plural en *-es* suprimindo o *-l* do singular: *piñeiraes, canavaes, animaes*. Nas palabras rematadas en *-n*, sustitúen o *-n* da forma singular por *-s*: *obrigaciós, tradiciós*. E adoptan na escrita os sufixos *-za, -zo, -zón*, tomados da época me-

dieval en sustirución de *-cia, -cio, -ción*: *Galiza, distanza, coleizón, adaptazóns, devozóns, variaazón, emozón*. A terminación latina *-BILIS* adoitan facela co sufixo *-bre* ou *-bel*: *amabre/amabel, posibre/posibel*.

O *Compendio de Gramática Galega* de 1919 propón transcribi-lo grupo culto latino *-GN-* sen *-g-*: *dino, sinificar*, solución que aparece en textos da revista *A Nosa Terra*. Os escritores alternan esta solución coa da palatalización en *-ñ-*, imitando a solución francesa: *iño-rar, siñificar, diño*. O grupo consoántico *ks* represéntase na súa forma asimilada *-s-*: *ausiliar, espresa*, e alterna coa solución *-is-*: *eisperto, eisamen, eisiste, proisimidade*.

Nos escritos dos nacionalistas desta época nótase unha tendencia a facer desaparecer-lo *-N-* e *-L-* intervocálicos en analogía coas palabras patrimoniais que perderan estes fonemas: *orgaizar, castelaizante, espeitago, estrangoar*. Sen embargo, no *Compendio de Gramática Galega* non aparecen propostas sobre este aspecto.

No que se refire ó léxico, abusan do emprego de formas arcáicas como *xexún, belido, nascer, parescer, res*, recollidas da tradición medieval²⁴. E a partir desas e doutras formas crean por falsa analogía e evolución novos termos como *luscir, rescibir, zoa, primaveira, outo, hourizonte, soma, tiduo, hora, ambiente*.

Todo este conxunto de características ortográficas produce o efecto dun galego arbitrario e artificial no que, intentando fuxir do castelán, caen en graves castelanismos morfosintácticos e no emprego de formas vulgares. Conseguen facer unha variedade sen marcas dialectais e con certa unificación, mais a custa da perda de espontaneidade da variedade coloquial.

Unificación da norma do galego coa da Lingua Portuguesa

Cando se tratan aspectos da normativa do galego é imprescindible remitirse á norma do portugués. Así o fixeron os escritores do século XIX, volveron facelo a comezos do XX, e, moitos anos despois cando de novo se elabore unha normativa ortográfica e morfolóxica para o galego, reaparecerá a tendencia a buscar no portugués a solución ós problemas cos que se enfrenta o galego.

A unificación do galego co portugués resolvía moitos dos baleiros de léxico moderno que tiña unha lingua abandonada ós ámbitos coloquiais e ofrecía solucións ós cultismos. Así mesmo, a inclusión do galego no ámbito do portugués permitíalles ós nacionalistas aumentar o número de falantes, outorgándolle un estatus elevado por se-la lingua con maior número de usuarios: “Importa no desconocer que máis de treinta millones de almas en el mundo hablan

²⁴ “O galego moderno débelle ó contacto coa tradición literaria antiga a desaparición de palabras que desapareceran da circulación; os eruditos e filólogos de finais do século pasado e de principios do presente son responsables de teren posto en circulación bastantes palabras que hoxe podemos considerar plenamente recuperadas e mesmo algunhas xa reincorporadas á lingua oral diaria”, Antón Santamarina, “Lingua galega: norma e standard” in G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 6. Tübingen: Max Niemeyer.

galaico-portugués; a lo que añadimos nosotros que entre esos treinta millones de almas están los integrados en la República de Brasil”²⁵. Sen chegaren a formular unha proposta concreta tódolos escritores coincidían na necesidade de achegarse ó portugués, mais as ideas sobre o grao de unificación entre as dúas linguas eran moi diferentes duns autores a outros. Johan Vicente Viqueira propoñía a unificación da ortografía galega coa norma do portugués. Para el, como para Antón Villar Ponte, o portugués representaba a variedade culta do galego: “Galicia considera ó portugués como o galego nazionalizado e modernizado /.../ Eu entendo que os nazionalistas galegos temos que chegar axiña á maor unificación posíbel, sen mágoa do enxebre, entre o noso idioma e o portugués”²⁶.

Leandro Carré, en cambio, pretendía ir ó portugués soamente buscando solucións naqueles aspectos que non se puidesen resolver desde o galego.

Desde fins do século pasado ata o comezo da guerra civil no trinta e seis a unificación do galego e do portugués foi tema de constante debate entre os nacionalistas; e despois da guerra continuará vivo nos escritos de Castelao. O debate da unidade ortográfica entre as dúas linguas aparece sempre unido á necesidade dunha ortografía para o galego. No número 43 da *Nosa terra*, de xaneiro de 1918, publícase un artigo de Viqueira, “Pol-a reforma ortográfica” destacado co titular “Tema de verdadeiro intrínseco” no que o escritor se decanta por unha ortografía galega que siga o modelo da portuguesa, empezando primeiro por imitar algunhas das súas características para, avanzando o tempo, acadar unha total unificación. O fin principal era salva-lo galego do ruralismo e darlle un carácter máis universal:

De feito existen hoje duas maneiras de escrever o galego: unha que podemos chamar erudita, etimológica ou millor histórica e outra popular. A diferenza está en que n’a primeira se empregan o j e o g na forma que se fai en portugués ou francés, e na segunda sustitui a estas letras no seu antedito sonido a x. O meu propósito no presente artigo é mostrar que temos que admitir inmediatamente a ortografía erudita, si cobizamos a máxima eficacia do noso idioma e que n’o porvir temos que modificala n’ un senso aínda mais util.

Viqueira, que vai se-lo abandeirado desta proposta lusista, insiste no tema noutros artigos da *Nosa Terra* e anima a que se lean os textos antigos dos escritores clásicos para resolver-los problemas léxicos que xa están resoltos no portugués. Na denominación de “clásicos antigos” Viqueira inclúe tanto os cancioneros medievais como a obra de Camoens. Defende o plural en *-aes* das palabras rematadas en *-l* porque a súa pronuncia se asemella á forma portuguesa *-ais*. “Esto penso eu que é a pronuncia futura”, escribía. E neste mesmo artigo volve a defender unha ortografía etimolóxica:

A ortografía etimolóxica debe se-la nosa. Nos é preciso estudala. Como? Aprendendo a escribir en portugués.- Nós galegos *futuristas*, temos de expresarnos indiferentemente en hespañol, galego, portugués e inglés! Estas catro linguas han-se d’ensinar na escola primaria ¿Estravagancia?- Non! faise en Bélxica, en Suecia e outros países!²⁷

²⁵ Villar Ponte, Op. Cit., 308. A mesma idea recóllese nas páxinas 343, 345, 346.

²⁶ Villar Ponte, Op. Cit., p. 211.

²⁷ Johan Viqueira, “Da renascenza linguística”, *A Nosa Terra*, 77, 6 de xaneiro de 1919.

A proposta dunha ortografía etimolóxica desencadeará un vivo debate ortográfico entre os defensores dunha grafía arcaica e os partidarios da ortografía fonética, formulada por Aurelio Ribalta (1864-1940)²⁸. Desde 1918 ata 1934 van aparecendo artigos nun e noutro sentido en diversos números da *Nosa Terra*, ó mesmo tempo que se publican normas seguindo as dúas concepcións da ortografía. No exemplar desa revista do cinco de xullo de 1919 Ribalta publica un artigo con ortografía fonética no que ataca a proposta de implanta-la norma ortográfica portuguesa analizando as dificultades que ten e os problemas que crearía a súa aplicación en Galicia:

Por desgracia a ortografía portuguesa non é nada recomendabre. Abondan nela as incongruencias palmarias, confusións de toda cras, endomingamentos ridículos, con letras dobres (ph, nh, ch) consonantes dobradas que soan coma simpres (dobre ss, dobre mm) e troques lastimosos dunhas grafías polas outras.

A ortografía portuguesa é tan casuística coma a francesa, coma a italiana (qe é un rebumbio), ou como a inglesa (qe aínda é máis maraballada qe as outras). Non ten defensa /.../ Non se debe de imitare o mao /.../

porque a ortografía é facilidade ou rémora, según os casos, pra o desenbelleamento e difusión das linguas conbén lebare de ollo o de qe a ortografía é sempre conbencional /.../ Pro non podemos esquecer tampouco qe a ortografía é cousa qe deben conoceren e manexaren todos, e qe polo tanto, a súa condición máis prèncipal é a sincillez.

Este artigo ven encabezado por unha interrogación “¿Imos a unha enquette?” e rematado cunha nota da redacción na que dicía:

O mestre Ribalta, a quen moito ademiramos e queremos, ten, como vedes, un criterio moi diferente do de outro mestre queridísimo para nós Johan V. Viqueira. Tódol-os nazonalistas coidamos emporiso de verdadeira e urxente necesidade uniformare dunha vez a ortografía galega.

É obra de importancia a acometere. Pol-o mesmo, pregamos a cantos sexan bos galeguistas nos manden a súa opinión do xeito que queiran, inda moi breve si lles convén, para decatarnos todos de cal criterio conta con máis adeutos e razóns.

As respostas non se fixeron agardar, no número seguinte da revista manifestáronse catro persoas contra a proposta foneticista de Ribalta, tres deles a favor da proposta de Viqueira e o cuarto, Leandro Carré, adopta unha posición intermedia a favor dunha ortografía concebida desde o galego que busque no portugués a solución a problemas de terminoloxía moderna e de sufixación culta. Pola súa parte, Vicente Risco maniféstase a favor dunha ortografía galega sen unificación coa portuguesa, mostrándose nuns aspectos a favor de Ribalta e noutros de Viqueira:

Teño deprendido que Galicia ten prioridade lingüística sobor de Portugal, e creio que debemos conservar o sino d’isa prioridade. O idioma galego debe ser galego e non portugués. Nesto estou c’o mestre Ribalta.

Pro millor quero o aportuguesamento qu’a castelanzación. A lingua galega, co’a que se ten que por n’ unha forma defensiva é co’a castelana que é a que mais mal lle pode faguer. N’ esto estou c’o mestre Viqueira²⁹.

²⁸ Aurelio Ribalta publicara en 1910 un poemario, *Libro da konsagración. Feixe de poesías gallegas*, que leva ó final do volume unha “Nota sobre a reforma da ortografía gallega” na que se manifestaba partidario da ortografía fonética e daba norma para a súa aplicación.

²⁹ V. Risco, “Prosas galeguistas”, “Ortografía”, *A Nosa Terra*, 95, 25 de xullo de 1919, p. 3.

En números seguintes Ribalta e Viqueira volven á defensa das súas propostas variando os argumentos. Aparece un artigo de Xosé Palazios partidario da ortografía foneticista e varios artigos conciliadores propoñendo un acordo entre as dúas propostas. Paréceme significativo unha pequena nota publicada sen sinatura, que leva por título “Sobre a ortografía galega, ¿Cómo unifícala?”:

Hai 50 escritores galegos, algúns xa vellos e outros novos, que escriben coa mesma ortografía, e hai outros dez escritores, todos novos, que escriben cada un a súa maneira, inda que todos eles din que é necesario unificar a ortografía galega e cada un declara que a súa forma é a mellor.

Hai unha *Gramática do Idioma Galego* perfectamente escrita e razonada, na que se usa a ortografía dos 50 escritores, que é a adoutada por eles despois de fondos estudos e longas discusións nas que tomaron parte (d’isto hai algúns anos naturalmente) /.../

Nós coidamos que o mellor é que cada un esqueza un pouco da súa fachenda e se rebaixe a estudar a *Gramática do Idioma Galego*.

E conste que non é reclamo, senon verdadeiro amor á Galicia e a nosa fala³⁰.

A xeito de experimento, en dous números da *Nosa Terra* utilizáronse as grafías *g* e *j* para representa-lo fonema /š/, pero a medida non foi ben acollida polos lectores e a redacción do xornal volveu ás grafías tradicionais:

A Nosa Terra, por consello do malogrado Viqueira e do que isto firma, fixera dous números empregando aquela ortografía. Resultado: baixas de varios suscritores e ameaza de outros con faceren o mesmo de continuar seguindo somellante camiño. Pois coa revista ferrolana de novelas *Céltiga*” aconteceu igual. Moitas xentes resistíanse a leren os traballos escritos con *J* e *G*³¹.

Os defensores da unificación da ortografía galega coa do portugués carecían de formación filolóxica axeitada e, sen criterios lingüísticos claros, acudían ó portugués en busca de termos, que moitas veces viñan substituír formas propias do galego. A corrente lusista tivo nun primeiro momento un bo número de partidarios, mais ó iren afondando no coñecemento do galego falado, tan diferente da do portugués normativo, os defensores desta proposta foron quedando reducidos. En anos seguintes, a unificación do galego co portugués recóllese na *Teoría do nacionalismo* de Risco e, con posterioridade, nas páxinas de *Sempre en Galiza*³² de Castelao. Sen embargo, a idea de achega-la norma escrita do portugués ó galego máis ca unha formulación concreta era unha proposta de carácter xeral e non chegou a callar en ningún acordo ortográfico nin normativa.

³⁰ “Sobre a ortografía galega, ¿Como unifícala?”, *A Nosa Terra*, 192, 12 de setembro de 1923, p.3.

³¹ “A loita ortográfica entre os partidarios da *j* e da *g* e os partidarios do *x* deberían resolverse sentado as bases preparatorias dun futuro ‘abrazo de Vergara’ /.../ Mais non seríamos xustos si non manifestásemos que tanto como os teóricos hai que ouvir ós prácticos no preito da referencia. porque en teoría, coidamos que cáseque todos imos convencidos da necesidade de unificar o linguaxe. Pro a práctica tamén ten as súas eixixencias. Quen publica revistas e edita libros en galego, sabe perfectamente que o criterio do ‘gran público’ é de incompatibilidades co emprego do *j* e do *g*”. Villar Ponte, *Op. Cit.*, p. 243.

³² *Sempre en Galiza*, Ed. As Burgas, Montevideo 1944, pax. 41.

O *Compendio de Gramática Galega* toma partido por unha ortografía galega sen ataduras etimolóxicas nin lusistas, e propón a grafía *x* para representa-lo fonema palatal /ʃ/:

Ge, gi, ten o mesmo valor que se fose escrito con *j* pero como no galego este son equival ao de *x*, é mellor empregar sempre este sino para evital-a mala pronuncia dós que non saben lêr o galego, e a dificultade para escribir, por ser difícil o conocimiento das etimoloxías pra saberen cando debe de se pôr *g, j* ou *x*³³.

Couceiro Freijomil na *Ortografía Gallega* publicada en 1929, coa que pretende acadar a unificación da variedade do galego escrito, móstrase contrario a segui-la norma do portugués:

La propensión de algunos de nuestros escritores a adoptar una ortografía imitación o copia de la portuguesa, más imperfecta que la castellana, se opone, no solamente a la tradición del gallego, sino a los progresos a que la escritura debe siempre tender, con miras a la simplificación, y es, además, dar por bueno lo que hoy se reconoce en todos los países, al lamentar complicaciones ortográficas, como obra funesta de la pedantaría de los pseudo-eruditos en colaboración muchas veces con la ignorancia³⁴.

A procura dun acordo ortográfico para a escrita do galego foi un tema constante de preocupación e traballo para os homes das Irmandades desde a creación do primeiro grupo. Na maior parte dos números da *Nosa Terra* atópase algunha páxina que trata o tema da ortografía. Non se aforraron esforzos nin sacrificios. Villar Ponte, que nun principio mostrou as súas simpatías polo achegamento da ortografía galega á portuguesa, retira as súas propostas e pide un consenso entre os distintos grupos para chegar a un acordo definitivo:

Na primeira quincena do prousimo abril haberá en Pontevedra a xuntanza xeneral do “Seminario de Estudos Galegos” de Santiago. E ¿onde millor que nela poderíase tratar do problema da unificación do noso linguaxe? Entre os que han de formar parte da dita xuntanza figura o filólogo señor Cotarelo. Pois aproveitemos a ocasión... Ahí representantes do Seminario, da Academia Galega e da Irmandade da Fala son os chamados a esculcaren no tema para concurir asinalando unha fórmula armónica. /.../ A loita ortográfica entre os partidarios da J e a G e os partidarios da X, na citada xuntanza deberíase resolverse sentando as bases preparatorias dun futuro “abrazo de Vergara”. Que neste caso chamaríamola ‘aperta de Pontevedra’³⁵.

En xuño de 1934 no número 23 da *Nosa Terra* o Seminario de Estudos Galegos co fin de espalla-lo acordo ortográfico publica as “Normas pr’a unificazón do idioma galego”, que saíran da xuntanza da “Seizón de Filoloxía” do 15 de outono do ano anterior, nas que propón a desaparición das grafías *ç, lh e nh*, tomadas directamente do portugués e das etimolóxicas *g e j* para o fonema palatal fricativo. A publicación das “Normas” nas páxinas da *Nosa Terra* van introducidas por un comentario da redacción da revista que nos demostra a firme vontade que había entre os nacionalistas de acadar unha norma ortográfica para o galego:

³³ R.A., *Compendio de Gramática Galega*, A Cruña, 1919, p.34.

³⁴ A. Couceiro Freijomil, *Ortografía Gallega*, Ourense, 1929; p. 16.

³⁵ A. Villar Ponte, “Da loita ortográfica”, *El Pueblo Gallego*, Vigo; artigo reproducido en *Pensamento e sementeira*, Ediciones Galicia, Buenos Aires 1971, p. 243.

A Nosa Terra inda que non comparte integramente algunhas d-elas, propónse adoutal-as na súa totalidade dende hoxe. Por dúas razóns: 1ª, porque estima comenente que a nosa lingua empece a escribirse con certa unidade pol-o menos n-aqueles puntos en que vai habendo conformidade, o cal contribuirá a pretixial-a ante a masa; e 2ª, porque a Seizón de Filoloxía do seminario tivo o acerto de evitar que as súas normas fosen traba tal que impedise o desenrolo da nosa lingua como é dado agardar da reconstrución que se ven levando a termo e do xenio do noso Pobo. Sepan, pois, os nosos colaboradores que deben telas presentes nos seus traballos.

Co traballo colectivo das Irmandades da Fala, que tiña uns obxectivos máis políticos ca lingüísticos, co do Grupo Nós de carácter máis culturalista e cos esforzos dos universitarios do Seminario de Estudos Galegos, que pretendieron facer un labor de investigación en diversos aspectos da cultura galega, conseguíronse importantes avances na normalización do galego. As bases estaban postas, mais os aconteceres históricos do ano trinta e seis impediron a posta en marcha, e o labor de case un século quedou destruído. Máis tarde habería que comezar de novo.

Extensión dos ámbitos de uso do galego

Para conseguir que Galicia tivese unha cultura de seu, vehiculada pola propia lingua orixinaria, os homes das Irmandades da Fala sabían que era preciso que o galego estivese presente en tódolos ámbitos de uso lingüístico ó mesmo nivel do castelán. Impoñe-lo galego nos ámbitos de uso ocupados tradicionalmente polo castelán foi outra das tarefas que se propuxeron acadar. Non se trataba de substituí-la lingua oficial polo galego senón de que ámbolos dous idiomas compartisen os mesmos espazos. A súa idea sobre a planificación do galego residía na cooficialidade do galego e do castelán, é dicir, na implantación dun bilingüismo social, que eles consideraban unha situación beneficiosa para o galego:

No puede estar más vivo en ningún país del mundo, como en el nuestro, el problema del bilingüismo. Ni en ninguno está tan justificado tampoco el resolverlo según Dios manda³⁶.

Citando textos do P. Sarmiento reclaman a utilización do galego ó lado do castelán como lingua do ensino. Pídese que os nenos galegofalantes sexan alfabetizados en galego. Para estes homes o bilingüismo escolar foi unha meta importante pola que traballaron con entusiasmo. E co fin de espalla-la súa proposta publican diversos artigos sobre problemas pedagóxicos en revistas e xornais, e dan conferencias por Galicia adiante. De todo iso danos conta os escritos de Villar Ponte³⁷ ou Losada Diéguez³⁸, ademais das publicacións galegas da época. Un dos problemas que máis preocupaban no proxecto social que tiñan para Galicia os homes das Irmandades, e que pretendían reformar coa consecución da autonomía, era o ensino na escola rural. *A Nosa Terra* recolle diversos artigos sobre o tema; por exemplo, do 30

³⁶ A. Vilñar Ponte, *Boletín de Vanguardia Pedagógica*, 5, A Coruña, nov. 1935.

³⁷ Villar Ponte, A., Op. Cit., p.80.

³⁸ Losada Diéguez, A., "Os problemas do idioma e da cultura no nacionalismo galego", conferencia impartida en Santiago na Semana Regionalista organizada polo xornal católico de Madrid *El Debate* o 28 de xullo de 1928. *Obra Completa*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo 1985, pp. 247-250.

de marzo ó 30 de xullo de 1918 reproducíase unha longa conferencia de Johan Viqueira sobre os “Nosos problemas educativos” na que se tratan tódolos aspectos do sistema educativo de Galicia, desde o uso das linguas galega e castelá (“¿cómo pensar nunha escola galega sen a lingua galega?”), os métodos de aprendizaxe e, por suposto, as normas ortográficas que era preciso facer. Deste mesmo ano é un artigo dun mestre nacional no que pretende chama-la atención sobre o ensino en castelán que reciben os nenos galegofalantes:

N-as nosas escolas de primeiro ensino, pérdese a metá d’a labore que n-elas fan os mestres c’o xeito castelán que lle dan ás súas ensinanzas. O neno galego, afeito a ouvir e falar galego n-a familia e n-a rúa, con mui cativo vagaxe de mal adprendidas verbas casteláns, vai a escola onde solamente ouve, por mandato d’un asoballante centralismo, as espicacións que lle da o seu mestre n-unha lingua allea, istraña, que ten que enxerguer ó tempo qu’o seu tenro cerebro vai laborando, n-un dobre porceso psíquico, o conocemento que lle queren trasmitir.

Hai que evitare ó neno galego unha autividá tan intensa pra que renda tódol-os froitos que pode rendere sin chegar a fatiga nervosa, o *surmenage* funesto, a apatía ó estudo. Fan falta libros galegos prós nenos galegos³⁹.

As Irmandades da Fala traballaron para crear as chamadas “Escolas de Insiño Galego” nas que se pretendía dar un ensino en castelán, utilizando tamén o galego como materia de aprendizaxe e para certas explicacións. Nas Bases publicadas no número 190 da *Nosa Terra* establécese o seguinte:

O insiño n’estas Escolas farase no idioma hespañol, si ben utilizando tamén o galego na letura da nosa literatura peculiar e demais libros didáticos que se poidan outer, e para algunhas espicacións de leicións prácticas, a fin de qu-os nenos poidan comprender mellor as ensinanzas dos mestres.

Créase un Comité fundador que leva a cabo as xestións das escolas e a través da *Nosa Terra* pídense socios protectores que as financien:

Nas Escolas de Insiño Galego temos perfeitísimo dereito a cultivar o noso idioma, que tantos froitos leva dado xa na nosa literatura, e que tantos aínda pode dar.

Polo demais, xa é sabido que nas escolas, que axiña se abrirán, farase o insiño no idioma hespañol, pois entendemos que mellor é entender dous idiomas que un só, e que pol-o de hoxe para o estudio é indispensable facelo así, inda que tamén por ser necesario faranse algunhas explicacións en galego pra que os nenos poidan comprender mellor as cousas⁴⁰.

Os nacionalistas de Nós tiñan conciencia de que era preciso recupera-la lingua do país nos ámbitos de uso públicos, utilizados polos galegofalantes: Escola, a Administración local e provincial, a Xustiza e a Igrexa. Sen embargo, desde a súa concepción intelectual, estes homes propuxéranse como tarefa prioritaria facer funcional a lingua galega en tódolos xéneros da escrita. E a este empeño van dedicar boa parte da súa actividade como escritores. Da súa pruma sairán ensaios políticos e filosóficos, estudos de xeografía, novelas e relatos breves, que farán do galego unha lingua apta para todo tipo de textos.

³⁹ A. Santos Vila, “O galego pol-o castelán”, *A Nosa Terra*, 67-68, 30 de setembro de 1918.

⁴⁰ *A Nosa Terra*, 197, 1 de Febreiro de 1924.

Dos membros do grupo Nós, Vicente Risco e Losada Diéguez, especialmente, vían a necesidade urxente de leva-lo galego ó ámbito escolar dos nenos galegofalantes. Con este obxectivo Risco elaborou un ambicioso “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” no que se contemplaba desde o tipo de edificación que debía haber ata os métodos de ensino e como tiña que se-la vida do escolar. Os nacionalistas intentaban que esta demanda se tivese en conta na elaboración do Estatuto de Autonomía para Galicia no que traballaban. Non crían posible chegar a conseguila implantación do galego na escola como lingua vehicular, sen embargo Risco, como antes Viqueira e Villar Ponte, presentou esta proposta como un obxectivo “ideal” a perseguir⁴¹.

En 1932 aparece en Pontevedra o primeiro método de lectura en lingua galega. Escribiuno a mestra nacional Josefina Iglesias Vilarelle a iniciativa das Irmandades da Fala.

O uso do galego na Administración e na Xustiza era necesario para que a propia Administración funcionase e chegase ós administrados. Os nacionalistas estaban convencidos de que os galegofalantes só poderían entende-los dictados dos xuíces e os formularios que tiñan que cubrir no xulgado, no concello ou na deputación se estes utilizaban a lingua galega:

É absurdo que un maxistrado ou xuez non galego entenda en pleitos de aldeáns nosos; que os notarios que exercen no noso agro non coñezan o noso idioma; que os escolantes que fan o ensino dos meniños do noso rús poidan seren alleos ó país; que os cregos, inda sendo galegos, prediquen e recen en castelán, nas parroquias campesifias⁴².

Os homes das Irmandades xustificaban o emprego do galego na Igrexa aducindo que a oración é a expresión da intimidade do ser o mesmo cá lingua, polo que era preciso uni-los dous tipos de intimidade nunha única expresión. Para Villar Ponte este era un dos problemas máis serios cos que se enfrontaba a reivindicación do galego ó seren os galegos un pobo fundamentalmente relixioso na súa maioría:

Iste é un problema serio de abondo que percisamos resolver cantos vimos preiteando rexamente polo cultivo da lingua materna. Para os crentes é asunto de verdadeira transcendenza. Un pobo que rece no seu idioma, inda que deixe de empregalo en tódalas outras cousas da vida, poderá ir ó recobro do mesmo, de xeito máis doado que aquel que o fale a cotío en toda ocasión, agás no rezo⁴³.

A lingua constituía, pois, o problema fundamental do discurso político e cultural dos nacionalistas desta época. Existía un sentir unánime de que o idioma do país era o alicerce fundamental das reivindicacións galeguistas, pese a que non todos compartisen as mesmas ideas sobre a norma gráfica do galego, e, de que as propostas políticas fosen diferentes. O discurso de Villar Ponte ou de Otero sobre o porvir do galego aparece con máis acento nacionalista có de Losada Diéguez ou de Cabanillas. Os primeiros sostíñan que era necesario

⁴¹ Risco, V., “Seición Pedagóxica”, *Nós* 6 e 7, 1921, pp. 5-7 e 11-12.

⁴² Villar Ponte, A., “O problema da lingua”, *Nós* 50, 1928, p. 20.

⁴³ Villar Ponte, A., “A lingua nas oracións”, *El Pueblo Gallego. Pensamento e sementeira*, pp.246-47. En Losada Diéguez aparece a mesma idea, ver *Obra Completa*, p. 251.

cultivalo como vehículo da cultura propia, “porque toda lingua cultivada representa unha cultura orixinal. E os pobos que teñen unha lingua de seu son pobos orixinaes, até o extremo de que si a esquencen ou desprezan acaban sempre por sentírense inferiores, na comparanza con outros ó longo dos tempos”⁴⁴. Losada, sen embargo, móstrase pouco estuasiasta co futuro do galego, gardando para o castelán o estatus de lingua superior, tal como manifestou nunha conferencia en Santiago en 1918 sobre “Os problemas do idioma e da cultura no rexionalismo galego”, na que, despois de saudar en castelán, pide perdón ós asistentes non galegos por falar en galego na conferencia xustificando o feito por tratarse de:

Predicar regionalismo con el ejemplo, y dar una muestra de amor a nuestro pobre patito feo el lenguaje gallego, lenguaje de campesinos, gente de poca monta pero que al fin y al cabo cultivan las plantas y los frutos de nuestros campos, aquello con que nos alimentamos, y que no tienen otro lenguaje porque no oyen otro. Seamos alguna vez agradecidos.

As palabras de Losada amosan unha actitude claramente paternalista cara ó galego e ós seus falantes, cun excesivo respecto para o castelán. Admitía que a lingua é un aspecto fundamental da identidade da rexión: “a rexión é unha nación comenzada coa súa histórea, súa lingua, seu dereito, súa cultura”. O elemento rexionalista era para el a base do universalismo xa que “toda cultura ha sere rexionalista e canto máis da terra sexa, máis universal será e máis do progreso, y-a cultura gallega vai fora dese camiño como ningunha”⁴⁵. Sen embargo, non parece ter dúbidas respecto ó papel do castelán en Galicia, e mesmo chega a plantear unha cuestión que hoxe atoparíamos absolutamente inadecuada en boca dun galeguista:

O problema da lingua pra nós é ben claro ¿Debemos facer revivre a nosa lingua ou debemos axudar a matala? Porque se ela fose un impedimento pra o noso progreso, ou unha fonte d'incultura o noso deber era loitar pra que s'acabase e se impuxese de todo o castelao⁴⁶.

Nesta cita Losada manifesta unha idea oposta á expresada por Otero Pedrayo en páxinas anteriores, cando afirmaba “ser mellor unha Galicia probe falando galego, que unha Galicia rica usando outra lingua”. As dúas citas móstranos claramente a diferente concepción do galeguismo que mantiñan eses dous homes. Mentres para Otero a lingua, como esencia do pobo que el quere salvar sen cambios, é un elemento inherente ó ser desa sociedade, para Losada, de ideoloxía máis progresista, a lingua debía ser un elemento de progreso para elevalo nivel cultural do pobo, e de non ser así convertírase nun atranco para o progreso social e individual. As afirmacións de Losada non son as dun antigaleguista senón as dun home preocupado pola defensa e o desenvolvemento económico e cultural de Galicia. Para el é primordial a consecución da recuperación económica, sen chegar a comprender que o uso do galego a tódolos niveis e do seu prestixio como lingua de cultura tería moito que ver no desenvolvemento integral de Galicia, como sociedade normalizada. En Losada, como noutros per-

⁴⁴ Villar Ponte, A., “O problema da lingua”, *Nós* 50, 1928, p.20.

⁴⁵ Losada Diéguez, Op. Cit. 251.

⁴⁶ Losada Diéguez, Op. Cit., p. 247.

sonaxes da época, a defensa do uso do castelán en Galicia ten unha clara motivación instrumental e constitúe un elemento de ascenso social e mais económico:

Los gallegos necesitamos aprender el castellano para la vida del Estado y para las relaciones americanas, al menos por hoy. Pero esta necesidad no excluye el imperativo del desarrollo de nuestro modo de expresión⁴⁷.

A actitude dos nacionalistas cara á lingua, especialmente dos pertencentes á Xeración Nós e dos do Seminario de Estudos Galegos está cargada dun forte compoñente afectivo. Sinten o problema lingüístico de Galicia no íntimo do seu ser, e este mesmo sentimento incapacítados para manter unha visión obxectiva da problemática lingüística. Portela Valladares louvando ós escritores galegos afirmaba que en “todos se atopaba o mesmo fervor construtivo, a mesma santa arela de donar o mellor e o máis gardado da súa alma á língoa nai”⁴⁸. Adornan o galego cunha chea de virtudes humanas, e incluso chegan a falar da “santidade da lingua”; por exemplo, Risco ó analiza-las características do galego esténdese nunha ampla enumeración de valoracións personificadoras:

Lingua doce e donda, con certo predomiño de vocales, con grande riqueza fónica, de entonación musical, doada para a expresión dos estados afectivos, sumamente analítica, con grande facilidade para a formanza de verbas novas, con moita riqueza de frases, de metáforas e comparanzas tradicionais, resulta unha fala moi culta aínda nos beizos das clases inferiores. Nela viviu o idealismo, o senso crítico, a prudencia, o siso, os afectos familiares, o afincamento na terra, a saudade, a cortesía, a familiaridade, tódalas virtudes dunha raza que, digan o que queiran, non ten outras chatas que a esaxeración mesma desas virtudes⁴⁹.

Conclusiones

A recuperación do galego foi para os nacionalistas de comezos do século XX un dos compromisos prioritarios no que traballar, compromiso que se foi transmitindo desde a primeira asociación das Irmandades da Fala ós galeguistas das xeracións posteriores. Mais, a pesar do importante traballo realizado polas Irmandades, que tiñan uns obxectivos políticos e sociais moi precisos respecto á recuperación de Galicia, e ó labor realizado polos homes de Nós e do Seminario de Estudos Galegos non se chegou a acadar unha ampla base social entre as capas da poboación galegofalante. En 1936 o Partido Galeguista levou tres deputados ás Cortes españolas, e en xuño do mesmo ano obtivo a aprobación por ampla maioría do Estatuto de Galicia. Pero foi precisamente na clase burguesa castelanfalante onde o movemento nacionalista tivo máis éxito; os seus militantes non deron conectado co mundo campesiño, única reserva do galego vivo. Posiblemente a súa teoría nacionalista tiña demasiadas doses de filosofía antropolóxica para que o galeguismo prendese na sociedade que pretendía redimir; e por outra parte, o pensamento e as propostas de galeguización destes homes fallaron precisamente nos ámbitos de uso nos que eles podían ter maior incidencia: a familia nuclear e o traballo.

⁴⁷ Losada, Op. Cit., 245.

⁴⁸ Portela Valladares, M., “Encol da língoa galega”, *Nós* 17, 1923, pax. 4.

⁴⁹ Risco, V., “O idioma galego na nosa vida...”, p. 354.

Para estes nacionalistas o galego era a lingua da militancia no seu fondo e sincero compromiso con Galicia, pero nunca abandonaron a instalación no castelán, que seguíu a se-la súa lingua familiar, de relación afectiva e profesional. Os mesmos nacionalistas que facían proclamas a prol do uso do galego como lingua propia de Galicia, poñendo como modelo á muller campesiña, cerne dunha familia autenticamente galega, nas súas propias familias continuaban instalados no castelán, seguindo a traxectoria castelanizadora das clases ilustradas galegas. O seu importante labor galeguizador fracasou alí onde podería ser máis eficaz cara ó futuro: no medio rural e no seu entorno máis próximo.

Con todo, sen teren conciencia de que estaban elaborando unha planificación lingüística para Galicia, co seu labor colectivo e individual conseguiron a realización de tres das catro fases propostas por Haugen⁵⁰ para a elaboración da planificación lingüística: 1. a escolla das características da variedade estándar, coa publicación das *Normas pra unificación do idioma galego* (1933); 2. a codificación da lingua na *Gramática do idioma galego* de Manuel Lugo (1922), os vocabularios das Irmandades e o dicionario de Leandro Carré Alvarellos de 1928, que tivo unha segunda en 1933; e 3. a implantación da lingua, que a dicir de Haugen implica a difusión da variedade lingüística, elixida e codificada. Esta fase, esixe actuar en dous frontes: a produción de libros, panfletos, xornais e textos de ensino na lingua obxecto de planificación, e a incorporación do uso da lingua na Administración. Os membros do grupo Nós actuaron con especial preocupación no primeiro destes frontes co seu extenso labor de creación literaria e ensaística.

No momento en que se agardaba estende-lo galego ós ámbitos públicos da Administración, a escola, a xustiza e a igrexa, tal como se contemplaba no Estatuto de Galicia, o proceso queda coutado coa dictadura.

⁵⁰ Einar Haugen desenvolve a proposta sobre planificación lingüística ("*Language Planning*") en 1866 aplicada ó proceso normalizador do noruego, *Language Conflict and Language Planning. The Case of Modern Norwegian*, Cambridge, Mass. Harvard University Press, 1966; proposta que reelabora posteriormente en artigos e conferencias.

Haugen, Einar, "Lingüística y planificación idiomática", en Garvin, P. e Lastra, Y. (eds.), *Antología de estudios de etnolingüística y sociología*, México, Unam, 1974, pp. 278-301.

Haugen, Einar, *Blessing of Babel. Bilingualism and Language Planning*, Berlín/ New York/ Amsterdam, Mouton de Gruyter, 1987, pp.59-64.